# Immanuel Kant

2º BACH

# Immanuel Kant.

- **Immanuel Kant** naceu o 22 de abril de **1724** en **Königsberg**, en Prusia.
- A finais do século XVII e principios do XVIII estendeuse por Alemaña o ***pietismo***, tendencia relixiosa que foi seguida polos pais de Kant, e que exerceu unha **fonda influencia** en Kant.



# Immanuel Kant. O pietismo.

- O *pietismo* foi iniciado por Philipp Jakob Spener nun intento de **renovar a fe luterana**.
- Acusaban ao *luteranismo* de **formalismo** (ritos, cultos, etc., pero sin cambio real moral no individuo) e dun **excesivo intelectualismo doutrinal** (con debates complicadísimos sobre temas teolóxicos que en nada afectaban á vida e a moral das persoas ).
- A cambio, promovían una ***fe vivida*** con énfase no aspecto **persoal e subxectivo.** É dicir, ao *pietismo* lle interesa máis como vive a fe a persoa, máis ca a doutrina en sí.



Philipp Jakob Spener

# Immanuel Kant.

- Aos oito anos de idade, en 1732, ingresa no *Collegium Fridericianum*, que sería dirixida desde 1733 por **F. A. Schultz**, quen estudara Teoloxía en Ache cos pietistas e filosofía con **C. Wolff** (**racionalista** seguidor de **Leibniz**).
- Alí adquiriu Kant sólidos coñecementos das linguas clásicas, así como de matemáticas e lóxica.



C. Wolff



Gottfried Leibniz

# Immanuel Kant.

- En **1740 ingresou na Universidade de Königsberg**, na Facultade de Filosofía, centrou o seu interese na Filosofía, nas Matemáticas e nas Ciencias naturais.
- A **filosofía entón predominante** en Alemaña era **o racionalismo de Christian Wolff** (*a razón humana, aplicada con método lóxico-matemático, pode coñecer de forma segura e sistemática toda a realidade, incluída a metafísica, sen recorrer á experiencia nin á fe revelada como fundamento*).
- Alí iniciou Kant amizade cun dos seus profesores, **M. Knutzen**, quen era *wolfiano*, e quen o iniciou no **estudo das obras de Newton e Wolff**, e puxo ao dispor del a súa biblioteca persoal. Pero tamén se puxo ao **corrente das tendencias empiristas** que procedían de Inglaterra e dos **ideais da Ilustración**, de Francia.



Universidade de Könisberg

# Immanuel Kant.

- A súa obra adóitase dividir en dous partes:
  - ***Período precrítico*** (1748 – 1781) que abarca **os seus primeiros escritos ata a CRP** (*Crítica da Razón Pura*). É unha etapa de formación académica.
  - ***Período crítico*** (1781 – 1804): Vai desde a publicación da *CRP* ata a súa morte.



# Immanuel Kant.

Kant plantéase **como meta responder á pregunta: que é o home?.** Con tal fin formulará as **tres preguntas clave:**



# Immanuel Kant.

| Que podo coñecer? (teoría do coñecemento) | Que debo facer? | Que me cabe agardar? |
|---|---|---|
| Límites do entendemento* Como procede o noso entendemento | Explora a ética (normas, imperativos, etc.) | Onde analiza a relixión |


















Immanuel Kant.

# A idea *kantiana* da ilustración

# Immanuel Kant. A idea *kantiana* da Ilustración.




- Se considera que a ***Ilustración*** (ou *século das luces*) abrangue boa parte do século XVIII, o século de Kant.
- Na obra ***Contestación á pregunta: Que é a Ilustración?*** **analiza os ideais ilustrados e critica ao mesmo tempo a súa época polo escaso grao de realización destes ideais.**

IES Alexandre Bóveda
*Sapere aude*

"Ilustración significa o abandono por parte do home dunha **minoría de idade** cuxo responsable é el mesmo. Esa minoría de idade significa a **incapacidade para servirse do seu entendemento sen verse guiado por algún outro**. Un mesmo é o **culpable** de dita minoría de idade cando a súa causa non reside na falta de entendemento, senón **na falta de resolución e valor para servirse do seu propio sen a guía dalgún outro**. ***Sapere Aude!*** Ten valor para servirte do teu propio entendemento! **Tal é o lema da *Ilustración*. Pereza e cobardía son as causas polas cales tantos homes seguen sendo con gusto menores de idade durante toda a súa vida**"

(*Contestación á pregunta: Que é a Ilustración?*,Immanuel Kant)

# Immanuel Kant. A idea *kantiana* da Ilustración.

- O obxectivo que persegue o filósofo alemán con esta análise é impulsar a realización destes ideais ilustrados.
- Constata que a realización destes ideais na súa época, e especialmente en Alemaña, está moi lonxe. A sociedade estaría en proceso de ilustración, pero todavia **non se podería falar dunha época ilustrada**.

"Si agora nos preguntáramos: **acaso vivimos actualmente nunha época ilustrada?**, **a resposta sería: Non!**, pero sí vivimos nunha época de ilustración. Tal e como están agora as cousas **aínda falta moito para que os homes, tomados no seu conxunto, poidan chegar a ser capaces ou estean xa en situación de utilizar o seu propio entendemento** sen a guía de outro en materia de relixión"

*(Contestación á pregunta: Que é a Ilustración?,*Immanuel Kant)

# Immanuel Kant. A idea *kantiana* da Ilustración.

- A **solución** a este estado de incapacidade **está no propio ser humano** se é capaz de romper coas ataduras, coas tutelas e atreverse a empregar exclusivamente o seu propio entendemento
- A razón debe **rexeitar toda autoridade externa** que non a deixe ser libre, autónoma, xa que só así poderá avanzar o pensamento filosófico, científico, político...

"Para esta *Ilustración* tan só se **require liberdade** [...] Actualmente oigo clamar por doquier: Non razoes! O oficial ordena: Non razoes, adéstrate! O asesor fiscal: Non razoes e limítate a pagar os teus impostos! O consexero espiritual: Non razoes, ten fe!. [...] Pero, cal e o límite que a obstaculiza (a Ilustración) e cal é a que a promove? Aquí a miña resposta: o ***uso público* da razón ten que ser sempre libre e é o único que pode procurar ilustración entre os homes**"

(*Contestación á pregunta: Que é a Ilustración?*,Immanuel Kant)

# Immanuel Kant. A idea *kantiana* da Ilustración.

- **Para saír** deste estado de **minoría de idade** e alcanzar a maioría a **razón debe ser crítica** con **todo aquilo que non sexa racional e con ela mesma para examinar os seus límites**, é dicir, o que pode coñecer.



# Immanuel Kant. A idea *kantiana* da Ilustración.

- O obxectivo desta crítica non é outro que a realización dos ideais máis elevados do ser humano e que son o lema da Ilustración: a realización da **liberdade e dignidade humanas** condicións indispensables da felicidade humana.
- Para conseguir este obxectivo **a razón tamén debe criticar e rexeitar toda organización política** que **guiada por intereses alleos á razón** como a relixión, tradición...o que leva a criticar todo réxime absolutista iniciándose así a defensa dos postulados da democracia liberal.

"Unha vez que a Natureza, baixo esta dura casca, desenvolveu a semente que coida con extrema tenrura, é dicir, **a inclinación e disposición ao libre pensamento,** ese feito **repercute gradualmente sobre o modo de sentir do pobo** (co cal este vai sendo aos poucos **máis capaz dunha liberdade de obrar**) e ata nos principios de goberno, que atopa como proveitoso **tratar ao home conforme á súa dignidade, debido a que é algo máis que unha máquina.**"

*(Contestación á pregunta: Que é a Ilustración?,*Immanuel Kant)

# Immanuel Kant. A idea *kantiana* da Ilustración.

- Grazas a esta **pechada defensa da autonomía da razón** os **países** onde os ideais ilustrados triunfan, **experimentarán un importante progreso** en todos os campos: económico, científico, político, cultural, educativo, social...
- Mais **este ideais**, co paso do tempo, **non foron suficientes** para crear sociedades onde o progreso e a verdadeira liberdade chegase a todas as capas sociais.
- **Liberdade e felicidade dificilmente** poden realizarse nunha sociedade que **non permite a igualdade de oportunidades** como se constatará na sociedade capitalista que dominará no mundo occidental nos séculos XIX e XX





# Immanuel Kant. Críticas a Ilustración. A escola de Frankfurt

- A escola de Frankfurt (liderada por autores como Herbert Marcuse, Theodor Adorno e Jürgen Habermas) afirman que **a razón ilustrada desde o século XVIII afastouse do seu camiño sendo instrumentalizada polo poder do sistema capitalista** para presentar como racional o irracional: consumismo, opulencia, desigualdade, contaminación e destrución do medio ambiente, guerras...
- **O ser humano deixa de ser un fin en si mesmo para converterse nun instrumento ao servizo do poder establecido**: a cidadanía occidental transfórmase nunha unidade de consumo acrítica.



# Immanuel Kant. Críticas a Ilustración. A escola de Frankfurt

- Critican **a razón instrumental dominadora da sociedade capitalista** e recuperar os ideais ilustrados.
- Un uso racional da tecnoloxía permitiría unha sociedade que elimine a represión provocada polo consumismo e a necesidade de traballar para saciar a ansia creada do consumo.
- **A razón e a tecnoloxía ben orientadas poderán xerar o tempo de ocio e igualdade para conseguir unha sociedade nova e feliz.**



# Immanuel Kant. Críticas a Ilustración. A *posmodernidade*

- **Non existe unha razón en abstracto desconectada do seu tempo e da súa cultura → É imposible determinar cales son os mellores valores ou o que é o mesmo valores da carácter universal.**
- Consideran que **a razón ilustrada e a identificación da civilización ideal coa civilización occidental provocou graves actitudes etnocéntricas** (ex: colonialismo).



# Immanuel Kant.

## EPISTEMOLOXÍA

# Immanuel Kant.

- *A priori : anterior á experiencia*
- *A posteriori: Despois da experiencia*
- ***Coñecemento a priori**: Coñecemento obtido sen necesidade de experiencia.*
- *Coñecemento a posteriori*: Coñecemento obtido a través da experiencia.

# Immanuel Kant

- ***Pensar = / = coñecer***
  - **Pensar=** Usar un concepto
  - **Coñecer = Intuición sensble + concepto**



# Immanuel Kant.

- ***Razón** (Vernunft): Se ocupa do coñecemento a priori*. Busca a totalidade e a universalidade
- ***Entendemento** (Verstand): Se ocupa do coñecemento a posteriori*. É dicir é a facultade de pensar dentro da experiencia. Se encarga de construir conceptos e xulgar. É discursivo, traballa con conceptos que aplica aos datos da experiencia.

"Non entendo por tal crítica (a da *razón pura*) a de libros e sistemas, senón a da facultade da **razón** en xeral, en relación cos **coñecementos aos que pode aspirar prescindindo de toda experiencia**. Se trata, pois, de decidir a posibilidade ou imposibilidade dunha metafísica en xeral e de sinalar tanto as fontes como a extensión e límites da mesma, todo elo a través de principios".

(*Prólogo da primeira edición*, *Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant)

*"Por medio do **entendemento** ,* os **obxectos** en cambio son, en cambio, *pensados* e del proceden os ***conceptos***".

(*Doutrina Trascendental dos elementos, Primeira parte: A estética trascendental*, *Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant)

# Immanuel Kant.

- ***Intuición***: *É a captación* inmediata dos obxectos sen ningún tipo de xuízo. A posúen todos los seres vivos.
- ***Concepto***: É un nivel superior. Son representaciones mentais abstractas que poden ser descritas con palabras (por eso animais e bebés todavía non os posúen).Os conceptos requieren unha aprendizaxe.

"*Intuición* é o modo por medio do cal o **coñecemento se refire inmediatamente a ditos obxectos** e é aquilo a que apunta todo pensamento en canto medio. **Tal intuición únicamente ten lugar na medida na que obxecto nos é dado**. Pero este, pola súa parte, só nos pode ser dado (ao menos a nós, os humanos) se afecta dalgún xeito a nosa mente".

(*Doutrina Trascendental dos elementos*, *Primeira parte*: *A estética trascendental*, *Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant)

# Immanuel Kant.

- ***Intuición empírica***: Intución referida a obxectos.
- ***Intuición pura***: Son aquelas que non se atopan na sensación. Percibe os fenómenos baixo relacións *a priori*. Son o **espazo e o tempo**.

"**A intuición que se refire ao obxecto por medio dunha sensación denomínase *empírica***. O obxecto indeterminado dunha intuición empírica denomínase *fenómeno*. A materia de todo fenómeno nos ven dada *a posteriori*. Polo contrario, a forma do fenómeno debe estar completamente *a priori* para o conxunto de sensacións na mente e debe, por elo mesmo, ser susceptible dunha consideración independente de toda sensación".

(*Doutrina Trascendental dos elementos, Primeira parte: A estética trascendental, Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant

# Immanuel Kant.

- ***Fenómeno***: É o obxecto da intución empírica. Consta de:
  - **Materia**: Nos é dada polas sensacións que o obxecto produce en nós. É polo tanto un elemento *a posteriori e se basa nas intuicións empíricas.*basa en las intuiciones empíricas.
  - Forma: Esta ven do suxeito que ordena os datos sensoriais mediante diferentes relacións. Se basa nas *intuicións puras*.
- ***Noúmeno***: Tamén chamado "cousa en sí" é como é obxecto en realidade e non como o percibimos.

" **O obxecto indeterminado dunha intuición empírica denomínase *fenómeno***. A materia de todo fenómeno nos ven dada *a posteriori*. Polo contrario, a forma do fenómeno debe estar completamente *a priori* para o conxunto de sensacións na mente e debe, por elo mesmo, ser susceptible dunha consideración independente de toda sensación".

(*Doutrina Trascendental dos elementos*, *Primeira parte*: *A estética trascendental*, *Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant

# Immanuel Kant.

- ***Sensación***: *É* pura modificación que o suxeito recibe (pasivamente) por mor do obxecto (por exemplo, si nos achegamos a un radiador sentiremos calor).
- ***Representacións***: Contido sensorial percibido polos sentidos dos obxectos.

"O efecto que produce sobre a capacidade de representación un obxecto polo que somos afectados se chama ***sensación***.".

(*Doutrina Trascendental dos elementos, Primeira parte: A estética trascendental, Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant)

# Immanuel Kant.

- ***Sensibilidade***: É a capacidade ou facultade que temos de recibir as sensacións, e mediante a cal cual somos susceptibles de ser modificados po los obxectos.
- **Xuízo:** Unha **afirmación** que une dous conceptos: un que actúa de suxeito e outro de predicado → "O lume é quente"

"A capacidade (receptividade) de recibir representacións, a ser afectados polos obxectos, se chama **sensibilidade**. Os obxectos nos veñen, pois, dados pola sensibilidade e ela é a única que nos suministra intucións."

(*Doutrina Trascendental dos elementos*, *Primeira parte: A estética trascendental*, *Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant)

# Immanuel Kant.

- **Coñecemento**:
  - **Material**: Se refírese a algún obxecto
  - **Formal**: Se trátase da forma de como procede o entendemento ou a razón e das súas regras universais.
- **Filosofía:**
  - **Formal**: **Lóxica**
  - Material: Estuda diferentes obxectos e as leis ás que están sometidos. Como as leis son dúas (*natureza* e da *liberdade*), a filosofía material será:
    - ***Física ou Teoría da natureza***
    - ***Ética ou Teoría das costumes***
  - ***Empírica***: Se sustenta sobre fundamentos da *experiencia*
  - ***Pura***: *Se basa en principios a priori exclusivamente*
    - *Si é exclusivamente formal* (sin referirse a ningún obxecto de coñecemento concreto): *Lóxica*
    - *Si se refire a algún obxecto de coñecemento*: ***Metafísica***.
      - *Metafísica da natureza*
      - *Metafísca das costumes*

# Immanuel Kant.

## Texto 1: Que é a Ilustración?



# Immanuel Kant.Os límites do coñecemento.

# OS LÍMITES DO COÑECEMENTO

# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- Ao igual que un bo número de filósofos da idade moderna, Kant elaborará unha **teoría do coñecemento** (epistemoloxía).
- Esta se desenvolve a través de duas obras:
  - *Crítica da razón pura*
  - *Prolegómenos a toda metafísica futura que poida presentarse como ciencia.*






# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- Estas obras estudan:
  - **Os limites do coñecemento**
  - **O coñecemento metafísico e se é posible a metafísica como ciencia.**
  - **Demostración** (fundamentación) **de que as ciencias (formais e empíricas) son un coñecemento universal e necesario.**

Análise crítica da razón

"A **metafísica**, coñecemento especulativo da razón, completamente illado, que se ergue enteiramente por riba do que ensina a experiencia, con meros conceptos (non aplicándoos á intuición, como fan as matemáticas), onde, por tanto, a razón ten que ser discípula de sí mesma, non tivo ata agora a sorte de poder tomar o camiño seguro da ciencia".

(*Prólogo da segunda edición*, *Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant)

# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- Na súa formación filosófica Kant **iníciase no racionalismo de Wolff** segundo o cal a temática metafísica reducíase a tres cuestións:
  - A orixe do mundo
  - A existencia da alma
  - A existencia de Deus.



C. Wolff

# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- **Inicialmente, Kant, como racionalista, considera que a nosa razón non ten límites** (o que el denomina o *soño dogmático*) e pode chegar a un coñecemento pleno destas ideas.
- Sen embargo **a lectura de Hume lévao a compartir a idea de que non hai coñecemento sen experiencia**.



David Hume

"Confeso francamente: **a lembranza de David Hume** foi precisamente o que, hai moitos anos, **interrompeu por primeira vez o meu soño dogmático e deu as miñas investigacións no campo da filosofía especulativa unha dirección completamente distinta**. [...] Asegureime, pois, antes que todo, de se podía xeneralizarse a obxección de Hume, e non tardei en darme conta de que o concepto de ligazón (causa) e de efecto non era nin con moito o único de que se serve o entendemento nas súas ligazóns a priori das cousas, e que de tal modo é así que a metafísica enteira depende de nocións deste xénero. Tratei de asegurarme do seu número, e cando o conseguín, partindo dun principio único, pasei á dedución destas nocións, cando entón asegureime que estas non son a experiencia, como temera Hume, senón que proviñan do entendemento puro".

(Prefacio, Prolegómenos a toda metafísica futura que haya de poder presentarse como ciencia, 1783)

# Immanuel Kant.Os límites do coñecemento.

- Sen embargo Kant, **criticará a noción de *causalidade* de Hume** (as relacións causa – efecto non existen, senón que non son máis ca un hábito de observación regular dunha serie de fenómenos → a ciencia, que busca estas relacións causais- nunca pode saír do terreo do probable.)

Asegureime, pois, antes que todo, de se podía xeneralizarse a obxección de Hume, e non tardei en darme conta de que o concepto de ligazón (causa) e de efecto non era nin con moito o único de que se serve o entendemento nas súas ligazóns a priori das cousas, e que de tal modo é así que a metafísica enteira depende de nocións deste xénero. Tratei de asegurarme do seu número, e cando o conseguín, partindo dun principio único, pasei á dedución destas nocións, cando entón asegureime que estas non son a experiencia, como temera Hume, senón que proviñan do entendemento puro".

(Prefacio, Prolegómenos a toda metafísica futura que haya de poder presentarse como ciencia, 1783)

# Immanuel Kant.Os límites do coñecemento.

- Kant considera que a crítica a causalidade de **Hume** leva a un **escepticismo perigoso** no que **a razón é incapaz de procurar leis universais e necesarias** que é –precisamente- o obxectivo da ciencia.
- Argumentou que o **escéptico cae nunha contradición** ao negar a posibilidade de conñecemento universal mientras utiliza a razón para facelo.
- Su solución fue el **criticismo**: establecer los límites legítimos donde el conocimiento sí es posible y seguro
- **Kant defenderá**, máis tarde, **a validez da ciencia** a través de –entre outros- o concepto de *categorías.*



# Immanuel Kant.Os límites do coñecemento.

- Agora ben, este achegamento ao empirismo **non o fai abandonar por completo o racionalismo**, construíndo unha explicación do **coñecemento no que empregará elementos que podemos considerar racionalistas con empiristas**, é dicir, **fará unha síntese das dúas correntes**.



# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- Nesta síntese considera que, **no proceso do coñecemento, o suxeito é o elemento central do coñecemento fronte ao obxecto → *Xiro subxectivista* → Idealismo *transcendental* (Kant)**
- O ***idealismo trasncendental*** afirma que **todo obxecto está de coñcemento está determinado polas *condicións trascendentais*** (*intuicións puras*, ***espazo e tempo***, ***categorías***) da estrutura do coñecer do ser humano.



# Immanuel Kant.Os límites do coñecemento.

- A ***revolución científica*** levou aos científicos a adoitar un **papel activo** na **investigación**, xa que o investigador/a se pregunta como funciona o mundo a través de hipóteses para –a continuación- intentar demostralas a través de experimentos.
- O **suxeito non é un ser pasivo** senón que **constrúe o obxecto de coñecemento (dálle forma) a partir dos datos da experiencia**.

# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- Considera que este novo enfoque para explicar o coñecemento é igual de revolucionario que o de Copérnico en astronomía de aí o nome que se lle dá de *xiro copernicano*.




"Ocorre aquí como cos primeiros pensamentos de Copérnico. Este, vendo que non conseguía explicar os movementos celestes se aceptaba que todo o exército de estrelas viraba arredor do espectador, probou senón obtería mellores resultados facendo virar ao espectador e deixando as estrelas en repouso. Na metafísica se pode facer o mesmo ensaio no que atingue a intuición dos obxectos. Se a intuición tivera que rexirse pola natureza dos obxectos, non vexo como podería coñecerse algo *a priori* desa natureza. Se, en cambio, é o obxecto (en canto obxecto dos sentidos) o que se rixe pola natureza da nosa facultade de intuición, podo representarme fácilmente tal posibilidade"

(*Prólogo da segunda edición*, *Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant)

# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- O **coñecemento humano comeza pola sensibilidade** que é unha facultade pasiva que permite recibir, ordenar e unificar os datos que proveñen da experiencia. Sen embargo, **percibir non é coñecer**, é necesario comprender o percibido para poder coñecer.
- Esta función da sensibilidade é posible grazas ás **formas a priori da sensibilidade que son as *intuicións puras* do espazo e o tempo**.



# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- O **coñecemento é algo construído entre o *coñecemento a priori*** **(influencia racionalista) que achega o suxeito (activo) máis *o coñecemento a posteriori (empirismo), que son os datos que proveñen da experiencia*.**
- Para Kant *os obxectos impactan no suxeito*, producindo unha modificación no suxeito (por exemplo, se nos acercamos a un radiador recibiremos calor).

# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- ***Intucións puras, formas puras da sensibilidade ou condicións* transcendentais:**
  - **Son a condición de posibilidade do coñecemento sensible.**
  - Son ***a priori***, é dicir, non proceden da experiencia.
  - Son un **coñecemento que achega o suxeito** polo que terán un carácter universal.
  - Agora ben, aínda que Kant pode falar de coñecemento, son **formas puras** o que significa que **non achegan coñecemento, non posuímos contidos innatos como pensaba Descartes.**



# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- Pois ben **a sensibilidade permite a formación do FENÓMENO** é dicir a representación moldeada e ordenada polas intuicións do espazo e o tempo a partir dos datos inconexos da experiencia



Mundo percibido: *Fenómeno*



Mundo real: *Noúmeno*

# Immanuel Kant.

## Texto 2: Teoría do coñecemento



# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- **Coa sensibilidade o ser humano percibe, mais <u>percibir non é coñecer</u>, é preciso comprender o percibido formando xuízos.**
- Exemplo: eu represento (fenómeno) un can mais logo podo dicir que "O can é un mamífero" → exemplo de xuízo)



# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- **O entendemento é o responsable de formular xuízos. Isto é posible grazas as *formas a priori do entendemento*: As categorías ou conceptos puros.**
- As **categorías** son:
  - **Trascendentais: condición de posibilidade do coñecemento** → Posibilitan a formulación de xuízos
  - ***A priori***: Xa que son un coñecemento **anterior á experiencia**
  - **Puras: Baleiras de contido empírico.**
- Isto quere dicir que por si soas **as categorías non achegan coñecemento, non hai contidos innatos na nosa mente, polo que é preciso que se enchan dos datos da experiencia para achegar coñecemento** → Novo exemplo de síntese entre racionalismo e empirismo: a necesidade do coñecemento a priori e o a posteriori.

# Immanuel Kant. Tipos de xuízos.

NON ENTRA NO EXAME

- **Xuizo = 2 conceptos unidos → Suxeito + Predicado → "O can é un mamífero".**
- **Xuízos analíticos**: onde o **predicado non agrega nada novo ao suxeito** (son tautoloxías) Son independentes da experiencia e os universais, pero non progresan na ciencia. **"Todos os solteiros son non casados."** Só existen *a priori*.
- **Xuízos sintéticos**, onde **o predicado é novo e require dunha síntese entre suxeito e predicado, permitindo o avance no coñecemento**, aínda que dependendo da experiencia e sendo continxente. Poden ser:
  - *A priori*: Como os xuízos das matemáticas (7 + 5 = 12).
  - A posteriori: Dependen da experiencia e son os propios das ciencias empíricas: "A auga ferve aos cen graos").

# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

**KANT: JUICIOS Y CATEGORÍAS**

| *CRITERIO* | *TIPO DE JUICIO* | | *CATEGORÍA* |
|---|---|---|---|
| CANTIDAD | Universal | Todo A es B | Totalidad |
| | Particular | Algún A es B | Pluralidad |
| | Singular | Este A es B | Unidad |
| CUALIDAD | Afirmativo | Es cierto que A es B | Realidad |
| | Negativo | A no es B | Negación |
| | Indefinido | A es noB | Limitación |
| RELACIÓN | Categórico | A es B | Sustancia |
| | Hipotético | Si A es B, entonces C | Causalidad |
| | Disyuntivo | A es B, o C, o D, o N | Acción recíproca |
| MODALIDAD | Problemático | A puede ser B | Posibilidad |
| | Asertórico | A es de hecho B | Existencia |
| | Apodíctico | A necesariamente es B | Necesidad |

"O can é mamífero"

# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- As **categorías** –segundo Kant- **só se poden empregar dentro do ámbito do *fenoménico*** e nunca no *nouménico* que é incognoscible para o ser humano.
- **<u>O feito de que teñamos unhas formas comúns para o coñecemento permite a existencia dun coñecemento universal e necesario</u>** tanto nas matemáticas (o espazo e o tempo) como nas ciencias empíricas (as categorías).
- As *formas a priori* do suxeito, por ser a priori, permiten a obtención dun coñecemento universal e fiable e así **non caer no escepticismo de Hume**.
- Kant continúa coa liña de parte da filosofía occidental de **loita contra o escepticismo** tal e como fixeron antes filósofos como Platón en Grecia e Descartes en Francia.



# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- Kant critica a destrución do principio de causalidade como unha lei universal e necesaria de Hume.
- Polo feito de que as condicións empíricas varíen a causa dun efecto non invalida o principio xeral xa que <u>ese novo efecto terá unha nova causa</u> que descubriremos coa categoría de causa e que terá un carácter universal e necesario sempre que se aplique ao ámbito da experiencia.



# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

**Hume**: O principio de causalidade non existe. Simplemente a través do **hábito adquirido a través de experiencias previas podemos anticipar resultados** que pensamos en termos de causa e efecto. Pero nunca vemos a conexión causal entre causa e efecto. Por tanto, nunca poderemos saír do terreo do probable.



# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- Agora ben, a razón pola súa natureza tende a alcanzar sínteses máis amplas de coñecemento (exemplo: sintetizar na idea de ser vivo a dos animais e plantas) e isto é positivo mentres se manteña nos límites da experiencia.
- O problema é que a razón, pola súa natureza, sobrepasa este límite máis aló da experiencia e quere acceder ao ámbito do nouménico.

Razón ← Ser Vivo

Entendemento ← Animais | Plantas



# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- **Isto é o que fai a metafísica** (exceder o límite da experiencia): presentar as discusións sobre Deus, Alma e Mundo como se fosen científicas.
- Kant pretende denunciar o que denomina a ***ilusión trascendental da metafísica*** de presentar os seus contidos como científicos.
- A conclusión é clara: **a metafísica como ciencia non é posible. A nosa razón como dicían os empiristas é limitada e non pode coñecelo todo.**

"A metafísica, coñecemento especulativo da razón, completamento illado, que se ergue enteiramente por riba do que ensina a experiencia, con meros conceptos (non aplicándoos á intuición, como fan as matemáticas), onde, por tanto, a razón ten que ser discípula de sí mesma, non tivo ata agoraa sorte de poder tomar o camiño seguro da ciencia".

(*Prólogo da segunda edición*, *Crítica da Razón Pura*, Immanuel Kant)

# Immanuel Kant. Os límites do coñecemento.

- **Si é imposible como ciencia, debemos abandonar as disertacións da metafísica: non.**
- Entón, cal será a súa **función?: función regulativa** provocando que o coñecemento avance que non se deteña nunca.
- A razón pola súa natureza pretende chegar ás sínteses máis amplas e **unificar todos os nosos coñecementos nas ideas de Alma; Mundo e Deus.** Son os ideais antigos de alcanzar coñecemento supremo, ao igual que pensaba Platón coa Idea de Ben, ou Tomé de Aquino coa visión beatífica de Deus.
- **Deus, alma e mundo funcionan como o horizonte, como o ideal inalcanzable que permite acadar cotas máis elevadas de coñecemento.**

# Immanuel Kant. Críticas

- **Nietzsche** un implacable **defensor do relativismo e do escepticismo negando toda posibilidade de coñecemento universal** radicalizando o seu escepticismo ata o punto de dicir que o discurso racional presenta unha realidade inexistente e falsa.
- Por este motivo proporá outras formas de achegarse á realidade como a manifestación artística.



# Immanuel Kant. Ética.

**A ética formal en Kant: o imperativo categórico.**

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico.

- Kant, ao igual que moitos filósofos anteriores e como pensador ilustrado centra a **súa atención no ser humano** (*antropocentrismo*): a pescuda da **felicidade e da liberdade** humanas só pode **conseguirse mediante a acción** (e non na outra vida).
- Pero **a acción humana non está guiada pola *Razón Teórica***, pois esta só se encarga do *Ser*, é dicir, do estudio do mundo empírico, e formula xuízos.

"Pois a **razón non é o bastante apta para dirixir certeiramente á vontade con relación aos seus obxectos e a satisfacción de todas as nosas necesidades**(que en parte a razón mesma multiplica), fin cara o que nos tería conducido moito mellor un instinto implantado pola natureza;

*Fundamentación para unha metafísica das costumes*, 1. *Tránsito do coñecemento moral común*, Immanuel Kant

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico.

- A **acción humana está guiada pola *Razón Práctica*** (razón no seu uso práctico, pola **vontade**), encargada do *deber - ser* e ***formuladora de imperativos***, mandatos que nos obrigan, que condicionan o noso obrar. A **razón (práctica) será a única instancia que nos pode indicar como deben ser os nosos actos**, é dicir, cales son as normas encargadas de guiar a nosa acción.




"Que o **fundamento da obriga** non debería de ser **buscado** aquí na natureza do home ou nas circunstancias do mundo, senón exclusivamente ***a priori* nos conceptos da *razón pura***, e que a calquer outra prescripción que se funde sobre principios da mera experiencia, incluida unha prescripción que fose **universal** desde certo punto de vista, en tanto que se sostenga o máis mínimo sobre fundamentos empíricos con arreglo a un só dos seus motivos, certamente se a pode calificar de «regra práctica», máis nunca de «ley moral»."

*Fundamentación para unha metafísica das costumes*, Prólogo, Immanuel Kant

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico.

- Toda a teoría ética kantiana será exposta nas súas obras ***Crítica da Razón Practica* e *Fundamentación da Metafísica das costumes***.
- O **sistema ético** exposto nestas obras representa unha **revolución na filosofía e na ética** ao propoñer un **modelo ético de carácter *formal* ou *procedimental*.**
- Ata Kant todos os sistemas éticos poden ser caracterizados de materiais sendo o primeiro en propor un sistema distinto coñecido como formal.






# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico.

## Ética *material vs formal*

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas materiais.

## Éticas materiais

- Denomínanse así porque **posúen materia**, é dicir, **contido**, son empíricas.
- **Propoñen unha norma concreta a seguir e un fin que se acadará coa adecuación dos nosos actos a esas normas** :

→ **"Se fas isto (*norma*) , conseguirás isto outro (*fin*)".**

- Tamén se coñecen como **éticas *teleolóxicas*** (*telos*, en grego: fin, obxectivo)

"[…] sen embargo, en canto a razón a razón nos foi asignada como **capacidade práctica**, isto é, como unha **capacidade que debe ter influencia sobre a vontade**, entón **o auténtico destino da razón** (práctica) ten que consistir en **xerar unha boa vontade en sí mesma e non como un medio con respecto a un ou outro propósito**."

*Fundamentación para unha metafísica dos costumes. 1. Tránsito do coñecemento moral común.* Immanuel Kant

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas materiais.

## Éticas materiais

- Ademais son éticas:
  - **Heterónomas:** A **razón ou vontade está determinada a obrar por algo externo** a ela, é dicir, **a razón non é libre**, está coartada por causas externas (ex: relixión, cultura...).
  - *Hipotéticas* porque **os preceptos destes sistemas non se aceptan ou cumpren por si mesmos**, porque sexan valiosos senón que son medios para conseguir un fin. As normas destes sistemas éticos cúmprense na medida en que son o camiño para acadar ese obxectivo final.
- Baixo estas **condicións a razón non actuaría libremente polo que non se cumpriría a condición básica da moralidade que é a liberdade**.

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas materiais.

"A **representación dun principio obxectivo**, en tanto que se resulta apremiante para unha vontade, chámase un ***mandato*** (da razón) e a **fórmula** do mesmo chámase ***imperativo***. [...]Todos os **imperativos** mandan ***hipotética ou categóricamente***. Os primeiros representan a necesidade dunha **acción posible como medio para conseguir algunha outra cousa que se quere** (ou é posible que se queira). O imperativo categórico sería o que representaría unha **acción como obxectivamente necesaria por sí mesma, sen referencia a ningún outro fin**. [...] A ***autonomía*** da vontade é aquela modalidade da **vontade pola que ela é unha lei para sí mesma** (independentemente de calquer modalidade dos obxectos do querer). [...] **Cando a vontade busca a lei que debe determinarla en algún outro lugar** que non sexa a idoneidade das súas máximas para súa propia lexislación universal e, polo tanto, cando sae de sí mesma a buscar esa leina modalidade de calquera dos seus obxectos, comparece sempre a ***heteronomía***".

*Fundamentación para unha metafísica das costumes, 2. Tránsito da filosofía moral popular á unha metafísica das costumes*, Immanuel Kant

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas materiais.

## Éticas materiais

- Kant cree que **unha ética destas características** **nunca podería ser universal**, xa que os **seus preceptos son empíricos e polo tanto particulares** e son heterónomas e tamén, polo tanto tamén por esto son particulares.
- Ademais **só unha razón práctica que non se deixe determinar por axentes externos poderá construír valores morais universais procedentes dunha vontade libre e autónoma.**

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas formais.

## Éticas formais

- **Segundo Kant, para construír un sistema ético universal debemos, igual que na teoría do coñecemento, non debemos atender ao contido senón á *Forma*** (como oposto á materia ou contido empírico, sería como a ***estructura / forma a priori*** da lei morals)
- É dicir, **a ética formal nos di <u>como deben ser os nosos actos</u>, non cales deben ser.**

Que características debe ter unha lei moral universal?

| Ética material | Ética formal |
| --- | --- |
| Leis morais<br>“Non matarás”<br>“Non roubarás”<br>… | |





# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas formais.

## Éticas formais

- Só así, segundo Kant, poderá construírse unha ética universal xa que a forma virá dada pola ***razón práctica*** (*vontade universal*), **común a todos os seres humanos e non por cuestións particulares** como a relixión e os costumes.
- **Para determinar cal debe ser a forma dos nosos mandatos** é necesario **examinar os xuízos ou máis ben normas ou imperativos éticos e comprobar que é o que teñen en común todos eles.**

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas formais.

## Éticas formais

- O filósofo alemán comproba que cando dicimos por exemplo expresións como “non mates”, “non roubes”, “se solidario”... o que realmente estamos a querer dicir é “non **debes** matar”, “**debes** ser solidario” etc. desta análise saca a **conclusión** de que **todas as normas éticas teñen en común o *deber***.
- As **éticas baseadas no deber** reciben o nome de ***Deontolóxicas***



# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas formais.

## Éticas formais

- A partir de aquí distingue tres tipos de **accións:**
  - **Accións *contrarias ao deber*** (claramente inmorais): mentir, roubar, matar . Son accións claramente contrarias á moral.
  - Accións s ***conforme ao deber*** (p. ex. realizar algo bo para conseguir un fin) tampouco serán as moralmente boas.
  - Accións realizadas ***por deber*** que son as **únicas que se poden considerar moralmente boas xa que son realizadas por puro respecto ás normas e non para conseguir un fin**.

"Omito aquí todas aquelas accións ás que xa se recoñecen como ***contrarias ao deber*** aínda cando poidan ser proveitosas para un ou outro propósito [...] Tamén deixo a un lado aquelas accións que son efectivamente ***conformes ao deber*** e cara as que os homes non posúen ningunha *inclinación* inmediata, pero as executan porque algunha outra *inclinación* os move alo. Pois nestes casos resulta fácil distinguir se a acción *conforme ao deber* tivo lugar ***por deber*** ou por un propósito egoísta."

*Fundamentación para unha metafísica das costumes*, 1. *Tránsito do coñecemento moral común*, Immanuel Kant



# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas formais.

- A ***boa vontade*** é o **único que Kant considera moralmente bo**. ✓
- Argumenta que todo o demais, **dependendo do uso** que se lle dea, **pode ser bo ou malo**.




"Non é posible pensar nada dentro do mundo, nin despois de todo tampouco fóra do mesmo, que poida ser **tido por bo** sen restricción algunha , **salvo unha boa vontade**. Intelixencia, enxeño, discernimento e como queiran chamarse os demais *talentos* do espírito, ou coraxe, tenacidade, perseverancia nas resolución,como calidades do temperamento, sen dúbida todas elas son cousas boas e desexables en máis dun sentido; pero tamén poden ser extremadamente malas e dañinas, se a vontade que debe utilizar os dons da natureza, e cuxa peculiar modalidade se denomina por elo *carácter*, non é boa"

*Fundamentación para unha metafísica das costumes*, 1. *Tránsito do coñecemento moral común*, Immanuel Kant

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas formais.

- Por **vontade** entende a **capacidade humana de actuar por principios** polo que viría a coincidir coa **razón pura práctica**.
- Esta **capacidade de actuar por principios**, por ***deber***, polo **respecto á lei** (autoimposta --> autonomía) e non polo fins ou intereses perseguidos **é o que a fai boa**.

"Cada cousa na natureza **opera con arranxo as leis. Só un ser racional posúe a** capacidade de obrar segundo a representación das **leis ou con arranxo a principios**, do obrar, isto é, **posúe unha *vontade***."

*Fundamentación para unha metafísica das costumes*, 2. *Tránsito da filosofía moral popular á unha metafísica das costumes*, Immanuel Kant

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas formais.

- Unha **lei é respectable** –segundo Kant- cando **prevalece ou exclúe as nosas *inclinacións*** para facer o que a **nosa razón determina como correcto**.
- Ser **respectable é a condición** *sine qua non* para que se transforme en ***mandato*** e obrigue a acción humana.
- Os obxectos (fins materiais) nunca son respectables para Kant.

"A terceira tesis, consecuencia das dúas anteriores, podería expresarse así: o ***deber*** significa que **unha acción é necesaria por *respecto á lei***. Cara ao obxecto, como efecto da miña acción proxectada, podo ter certamente *inclinación*, máis nunca *respecto*; como máximo podo aprobala no primeiro caso e, as veces, incluso amala no segundo, ao considerala ocomo favorable ao meu propio proveito. **Só aquelo que se vincule coa miña vontade simplemente como fundamento, pero nunca como efecto, aquelo que serve a miña inclinación, senón que prevalece sobre ela ou, polo menos, a exclúe por completo do cálculo da elección, poder ser obxecto de respecto e por elo de mandato**".

*Fundamentación para unha metafísica das costumes*, 1. *Tránsito do coñecemento moral común*, Immanuel Kant

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico. Éticas formais.

**Inclinacións**
(placer / beneficio)

Accións *conformes ao deber*

Accións *contrarias ao deber*

Valor moral: nulo



Lei autoimposta

Obrar por respecto a lei

Accións *por deber*

Valor moral: Total

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico.

## Texto 4: Ética



# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico.

## Imperativo categórico

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico.

- Os seres humanos **obran seguindo máximas** que son os ***principios subxectivos*** (do suxeito) polos que nos guiamos nos **momentos concretos**, estas máximas poden estar de acordo coa lei moral ou non.
- A **lei** é un **principio obxectivo** na medida en que está **ditaminada pola razón humana**.
- Agora ben se o ser humano fora exclusivamente un ser racional obraría sempre determinado pola súa razón, **máis ademais da racionalidade temos unha parte irracional** que son os desexos, impulsos e tendencias da nosa natureza e que poden ***inclinar*** a nosa acción cara a realización de **tendencias egoístas**.

| Máxima (subxectiva) | Lei (obxectiva) |
|---|---|
| "Voulle mentir ao profe dicíndolle que cheguei tarde porque fun o médico" | "Obra de tal xeito que queiras que a túa máxima se converta en **lei universal**" |

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico

- Isto **fai que** a nosa **razón presente a lei moral** como un **<u>imperativo</u>, como un <u>mandato que obriga á vontade a obrar conforme á razón</u>.**
- Hai **dous tipos** de imperativos:
  - **Imperativos *Hipotéticos***: propios das *éticas materiais* xa que son mandatos que se realizan **para conseguir algún fin** polo que non poden ser universais xa que o fin provén da experiencia.
  - **Imperativos *categóricos*** : aqueles que **mandan unha acción como boa en si mesma sen necesidade de referila a ningún fin**. Son os característicos da ética formal e son os únicos imperativos da moralidade para Kant.

"A **representación dun principio obxectivo**, en tanto que se resulta apremiante para unha vontade, chámase un ***mandato*** (da razón) e a **fórmula** do mesmo chámase ***<u>imperativo</u>***. [...]Todos os **imperativos** mandan ***hipotética ou categóricamente***. Os primeiros representan a necesidade dunha **acción posible como medio para conseguir algunha outra cousa que se quere** (ou é posible que se queira). O imperativo categórico sería o que representaría unha **acción como obxectivamente necesaria por sí mesma, sen referencia a ningún outro fin**.".

*Fundamentación para unha metafísica das costumes*, 2. *Tránsito da filosofía moral popular á unha metafísica das costumes*, Immanuel Kant

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico

- Como **non teñen contido** son os **únicos que poden se universais.**
- As **máximas polas que guiamos as nosas accións deben corresponderse coa universalidade desta lei xeral**.
- Algúns exemplos de Imperativos :
  - “Obra de tal xeito que queira que a túa máxima se converta en lei universal”.
  - “Obra de tal xeito que uses á humanidade, tanto na túa persoa como na persoa de calquera outro, sempre coma un fin e nunca como un medio”.



# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico

- Como podemos comprobar os imperativos (lei moral) teñen un carácter formal e universal, son a lei racional que nos orienta cara o que denomina o ***Ben supremo*** (*summum bonum*) que sería a "**felicidade + virtude**".
- Este Ben supremo poderase conseguir levando unha vida virtuosa. Para Kant a felicidade é "grata para a persoa que é feliz", máis non é intrínsecamente boa.
- A **virtude** conséguese cando a **vontade concorda coa lei moral**, é dicir, cando actuamos de acordo ao que ditamina á razón.

"Que a virtude (en canto a dignidade de ser feliz) supoña a ***suprema condición*** de canto nos pareza só apeticible e por elo, ao regular toda a nosa solicitación de felicidade, **constitúa o ben supremo**, foi probado na Analítica. **Máis non por elo supón todavía o ben completo e consumado** *(summum bonum)* en canto obxecto da capacidade desiderativa do ente racional finito, pois para iso **tamén se require a felicidade,** e non simplemente ante os parciais ollos dunha persoa que adopta como fin a propia felicidade, senón **tamén a xuízo dunha razón imparcial que considere a felicidade xeral no mundo como fin en sí**. **[…]** En tanto que ***virtude e felicidade*** **conxuntamente constitúen a posesión do ben supremo nunha persoa**"

*Crítica da Razón Práctica, 2. Sobre a Dialéctica da razón pura na determinación do concepto do sumo ben* , Immanuel Kant

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico

- Pero por experiencia comprobamos que a virtude non trae consigo a felicidade e incluso moitas veces é ao revés.
- Por iso Kant afirma que aquel individuo que sexa **virtuoso é digno (merecedor) da felicidade,** máis é algo que non se conseguirá nesta vida polo que é necesario:
  - ***Postular*** **a liberdade como condición da moralidade xa que só un ser libre pode ser moral**
  - **Inmortalidade da alma** como posibilidade **doutra existencia** onde se poda dar a **unión de virtude e felicidade**
  - **A existencia de Deus como o ser que posibilita esa unión**, é dicir, que os individuos que foran merecedores da felicidade podan ser partícipes dela, podan acadar o Ben Supremo.

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico

- Pero por experiencia comprobamos que a virtude non trae consigo a felicidade e incluso moitas veces é ao revés.
- Por iso Kant afirma que aquel individuo que sexa **virtuoso é digno (merecedor) da felicidade,** máis é algo que non se conseguirá nesta vida polo que é necesario:
    - ***Postular*** **a liberdade como condición da moralidade xa que só un ser libre pode ser moral**
    - **Inmortalidade da alma** como posibilidade **doutra existencia** onde se poda dar a **unión de virtude e felicidade**
    - **A existencia de Deus como o ser que posibilita esa unión**, é dicir, que os individuos que foran merecedores da felicidade podan ser partícipes dela, podan acadar o Ben Supremo.



# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico

- ***Liberdade, Deus e Alma*** **son os** ***postulados*** (termos que non son evidentes en sí mesmos pero que son , **pero que se admiten como punto de partida dunha demostración)** da razón Práctica.
- Alá onde a razón teórica non chegaba xa que non podía obter un coñecemento científico, teórico, especulativo destes temas pode chegar a Razón Práctica máis só como postulados.
- **Toda a filosofía kantiana e especialmente a ética ten como obxectivo salvagardar o respecto á dignidade humana, que só será posible coa realización da liberdade e igualdade humanas.**



# Immanuel Kant. Repercusión do pensamento *kantiano*

## Repercusión do pensamento *kantiano*

# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico



- Do pensamento kantiano derivou, en primeiro termo, o **idealismo alemán** do século XIX, cuxos principais representantes, Fichte, Schelling e Hegel, construíron grandes sistemas filosóficos cos cales pretendían explicar toda realidade, superando así a proposta crítica de Kant. Para os idealistas **non hai *cousa en si* xa que todo é Idea, pensamento**.
- Durante o século XX, a influencia de Kant detéctase nos ***neokantismos***, que trataron de **sintetizar o pensamento de Kant coa ciencia contemporánea**. A influencia do neokantismo deixarase sentir, pola súa banda, no  de **Ortega e Gasset**, quen critica a razón pura de Kant, pola súa abstracción, tratando de ligala á vida, e no realismo crítico de Nicolai Hartmann.



# Immanuel Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico

- Outros autores influídos por Kant son: **Max Scheler**, que critica a ética formal kantiana, opoñéndolle unha ética material dos valores, Heidegger e Sartre, que propoñerá unha ética formal da liberdade, inspirada en Kant, pero radicalmente atea.
- Finalmente, habería que mencionar a **Wittgenstein** (S.XX), que substituíu o problema kantiano dos límites da razón por unha análise dos **límites da linguaxe,** a través do cal se expresa o noso coñecemento. Chegará a firmar que os límites do noso mundo son os límites da nosa linguaxe.
- Na época actual, **Jurgen Habermas**, mediante a súa teoría da acción comunicativa, ofrece unha versión consensualista e dialóxica da ética kantiana. Continúa coa idea de que existen condicións de posibilidade para a consecución de normas e valores de carácter universal. Unha destas condicións é a linguaxe humana que permite o diálogo e con el chegar a acordos con carácter universal.




